

REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

DATA: **28 de outubro de 2015**

HORA: **19.15h - 20.30h**

COORDINADORA: **Jone Ojeda**

ASISTENTES:

Daniel P. Macías
Noelia Fraga
Myriam Garrido
Natalia Suárez
Aitor Agudo
Blanca Expósito
Noelia Rodríguez
Xavier Noya
Julia Parra
Alba Moreira

1

ORDE DO DÍA

1. Presentación
2. Determinación da Presidencia, Vicepresidencia, Secretariado, Vogalías
3. Que imos facer o 25 de novembro: choiva de ideas
4. Como o imos facer

1. Presentación

Facemos unha presentación dos e das asistentes a través dunha dinámica na que coñecemos cousas que nos gustan.

2. Determinación da Presidencia, Vicepresidencia, Secretariado, Vogalías

Se presentan as seguintes candidaturas para a Presidencia, Vicepresidencia e Secretariado:

- Natalia Suárez: Presidenta
- Noelia Rodríguez: Vicepresidenta
- Daniel P. Macías: Secretario

Por unanimidade acéptanse as candidaturas, quedando o resto de asistentes como vogales do Consello

Nesta ocasión encárgase a coordinadora da reunión de levantar acta e de enviala ó resto de participantes

3. Que imos facer o 25 de novembro: choiva de ideas

Falamos das ideas que saíron na anterior reunión e determinamos as dificultades de facer determinadas actuacións. Decidimos traballar, previa reunión coa Axencia de Publicidade Ovo, sobre frases representativas de conceptos relacionados coa violencia de xénero.

Recollemos o interese de Blanca por criticar programas como `Gran Hermano`, e o seu contido machista así como 'Mujeres, Hombres y viceversa`. Por outra banda, falan sobre a importancia de incidir nas actitudes discriminatorias no deporte. Recollemos as ideas para poder facer algo no futuro.

Centramos o traballo na campaña deste ano, dada a falta de tempo e a premura da mesma

QUE

Despóis de traballar diferentes frases e reflexionar sobre o que nos suscitan e posibles réplicas, elíxense ás seguintes...

Es miña

- Non son sumisa de ninguén
- Non son de ninguén
- Tes o ticket?
- Compráchesme?
- Volve o mundo real

Sen ti non son nada

- Son o meu propio eu
- Sen ti sigo sendo eu
- Sen ti son todo
- Estando eu, xa estou completa

Por amor faría calquer cousa

- Por min mesma faría incluso máis
- Ata pasar de él
- Por min mesma faría calquer cousa, o amor non me condiciona

Quero facer todo contigo

- Teño vida propia
- Menudo aburrimiento
- Todo? Imposible

COMO

Pancarta

- A través de mensaxes de whatsapp
- Representando as mensaxes en avións de papel
- Utilizar as frases postas en corpos de persoas, as negativas en maniqués, as positivas en persoas reais... (Esta foi a máis votada)

Dinámica de construcción e de participación cidadá e de xente nova

Mesa con dúas urnas nas que a xente vaia sacando mensaxes dos que utilizamos na reunión de reflexión e despois vaian pondo o que lle suscita e metendoo na outra urna... así teríamos tamén moita información do que pensa a xente... Nela porían se é home o muller e a idade...

Dinamizarían elas e eles o tema... e intentaríamos que o longo do día pasaran por alí xente dos institutos así como a interacción coa cidadanía ...

- Sen ti non son nada
- Vouno facer todo contigo
- Estou disposta a facer todo o que che de a gana
- Ámote con loucura
- Por ti morro
- Por amor faría calquer cousa
- Es a miña media laranxa
- Es a muller da miña vida
- Son túa

Tarefas pendentes

Queda pendente pasar a proposta a Isma de Ovo, así como a Concellería de Benestar Social, a a Directora do CIM e o resto do Consello.

Así mesmo, cando se presente o boceto que configurará Isma de Ovo, se lles manterá ó tanto para seguir tomando decisións.